



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

Curso Académico: 2016/2017

Índice

1.	Introdución	1
2.	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	2
3.	Plan de Melloras do Centro	19
4.	Anexo: Informes de seguimento	27

1. Introducción

Esta memoria é testemuña do compromiso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais coa adopción dun enfoque de calidade que procura no só a excelencia dos programas formativos que oferta, senón a construción dunha comunidade académica comprometida cun ensino público de calidade e a máxima conexión co tecido socioeconómico no que se insiren a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).

No marco dos programas de xestión de calidade implementados pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais [en adiante, a Facultade] configura a súa política propia asumindo como principal obxectivo o desenvolvemento eficiente da súa oferta educativa.

O desexo de perfeccionar os programas formativos que se imparten no Centro é unha das principais motivacións que guían aos órganos de goberno do Centro e comprometen mesmo á toda á comunidade académica. Este desexo materialízase nunha supervisión estreita da posta en práctica dos programas e a procura continua de elementos que merecen ser mellorados.

Os nosos obxectivos abranguen, igualmente, o estímulo da actividade investigadora así como o enriquecemento da vida cultural da nosa comunidade e o incremento da participación de todos os actores implicados, fomentando, en suma, como proxecto común, a oferta dun servizo público renovador, aberto e responsable.

Esta Memoria de Calidade, correspondente ao curso académico 2016-2017, foi elaborada no seo da Comisión de Calidade e aprobada polos seus integrantes o 1 de xuño de 2018.

O documento recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao plan de melloras, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1 Estrutura da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2016-2017 abrangue todas as titulacións impartidas no Centro e toda a súa comunidade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Os ofertados pola Facultade, vixentes durante o curso 2016-2017 foron:

- *Grao en Ciencia Política e da Administración* (BOE de 16/02/2009) [en diante, GCPA]
- *Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política* (DOG de 12/02/2013) [en diante, MMCCP].

Ao tratarse de títulos en extinción, o *Máster en Xestión Pública* (DOG de 23/09/2010) e o *Máster en Xuventude e Sociedade* (DOG de 3/01/2012) non realizaron informes de seguimento do curso 2016-2017.

Documentación de referencia

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Ciencia Política e da Administración.
- Memoria do Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política.
- Normativa propia do Centro ([Regulamento dos Traballos Fin do Grao en Ciencia Política e da Administración](#); Regulamento Interno de Xestión de Espazos e Mecanismo de Supervisión de Obrigas Docentes).
- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen no desenvolvemento do SGIC son:

- Equipo Decanal.
- Responsable de Calidade do Centro.
- Xunta de Facultade.

- As Comisi3ns delegadas da Xunta de Facultade e, en especial, a Comisi3n de Calidade de Centro.
- Coordinador/a do GCPA.
- Coordinador/a do MMCCP.
- Coordinador/a de alumnado (creado o 22/03/18)
- Comisi3n Acad3mica do MMCCP (suprimida o 20/12/17).
- Comisi3n do T3tulo de GCPA (creada o 20/12/17)
- Comisi3n do T3tulo de MMCCP (reformada o 20/12/17).

As funci3ns de cada un dos 3rganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Apdo. 1.2.3 (Pp. 5-13) e Apdo. 3 (17 e ss.) do *Manual Simplificado do Sistema de Garant3a de Calidade da Facultade de Ciencias Pol3ticas e Sociais* (Aprobado pola Xunta de Facultade o 12/06/2015). As funci3ns do coordinador de alumnado, da nova Comisi3n do T3tulo de GCPA e da reformada Comisi3n do T3tulo de MMCCP foron aprobadas pola Xunta de Facultade a3nda que est3n pendentes de incorporaci3n a unha versi3n actualizada do Manual do SGIC do Centro.

Det3llase a continuaci3n a composici3n (no curso 2016-17) da Comisi3n de Calidade do Centro [en adiante, CCC]:

- Decana (ata o 27/02/17) / Decano (dende o 28/02/17) (Responsable de Calidade do Centro)
- Vicedecano (Responsable de Calidade do Centro ata o 27/02/17)
- Coordinador do T3tulo de Grao
- Coordinador do T3tulo de M3ster
- Xestor de Centro
- 2 alumnos
- 1 membro do PAS
- 2 membros do PDI

As funci3ns principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o dese3o, a implantaci3n, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro, que engloba distintos informes e memorias: proposta do plan de melloras do Centro para o curso seguinte, que recolle as acci3ns de mellora dos T3tulos derivadas dos seus informes de seguimento; informe do seguimento da implantaci3n do SGIC e as s3as propostas de mellora; informes de seguimento dos T3tulos.

Na implantaci3n do SGIC impl3case a todos os grupos de interese internos, e, a trav3s dos 3rganos previstos nel, anal3zanse diversos indicadores que permiten ter un co3ecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento dos t3tulos e para propor modificaci3ns e melloras neles.

Reunións da Comisión de Calidade do Centro durante o curso 2016-2017:

21 de decembro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Informe de Seguimento 2015-16 do Grao en Ciencia Política e da Administración.
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas.

19 de xaneiro de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Proceso de elaboración dos informes de seguimento 2015-16.
- Rogos e preguntas.

6 de marzo de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación, se procede, da memoria de calidade do curso 2015-16
- Convocatoria de axudas de calidade.
- Rogos e preguntas.

Reunións da Comisión do Título do MMCCP durante o curso 2016-2017:

2 de novembro de 2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Solicitud de modificacións do POD
- Análise e, no seu caso, solución á incorporación tardía ao máster por razón de visado ou doutras circunstancias de forza maior.

10 de xaneiro de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, dos expedientes de validación de prácticas.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas.

2 de febreiro de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Acordo sobre a aplicación da nova normativa de TFM.
- Asuntos de trámite.

- Rogos e preguntas.

24 de febreiro de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación, se procede, dos expedientes de validación de prácticas.
- Nomeamento dos novos membros da Comisión Académica.
- Nomeamento de Coordinadores para as materias para a sede de Madrid
- Creación dunha Comisión de Coordinación Intersedes.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas.

16 de marzo de 2017. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación, se procede, dos expedientes de validación de prácticas.
- Modificación e aprobación, se procede, do PDA para o curso 2017-18
- Asignación de titores de TFM
- Designación das datas de lectura e tribunais para os TFM da oportunidade de xullo e setembro do presente curso 2016-17.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas.

26 de abril de 2017. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación, se procede, dos expedientes de validación de prácticas.
- Aprobación, se procede, dos horarios para o curso 2017-18
- Rogos e preguntas.

2.2 Seguimento do SGIC

A USC ten establecido e mantén documentado e implantado un Sistema de Garantía Interna de Calidade e mellora continuamente a súa eficacia consonte aos requisitos dos modelos de garantía de calidade Fides-Audit. De acordo con este modelo, o deseño do Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicado a todas as ensinanzas oficiais impartidas no Centro obtivo un informe positivo (26/04/10) conforme ás directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES – AUDIT.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009 e, dentro deste SGIC marco, e de acordo cun modelo simplificado aprobado pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais aprobou na Xunta de Facultade do 12 de maio de 2015 o seu *Manual simplificado do*

SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Este SGIC foi aprobado definitivamente polo Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015.

O SGIC concrétese nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do Centro. Tanto o *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* así como o resto da documentación relacionada co mantemento de SGIC están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html>

De acordo co establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, os procedementos de recollida de información funcionaron axeitadamente. A Información recollida foi analizada, en especial, no proceso de seguimento de títulos e fixación de accións de mellora.

Ademais dos procedementos de recollida de información fornecidos pola USC, o Centro impulsa a aplicación de ferramentas propias de recollida de datos, como son a enquisa de inserción laboral, as enquisas a novo alumnado e ao alumnado pertencente a programas de intercambio.

Nas actas das reunións da Comisión de Calidade e Comisión do Título do MMCCP recóllense as valoracións sobre a análise dos distintos indicadores, que serven de base para formular propostas de mellora que son incorporadas aos respectivos informes de seguimento.

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e varias enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Os datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para acadar a mellora da calidade das ensinanzas.

A recollida de información e o seu tratamento desenvolveuse segundo o previsto, aínda que habería que indicar que o nivel de participación do alumnado nas enquisas segue a ser baixo, malia os esforzos de comunicación emprendidos polo Centro en coordinación coa Área de Calidade da USC. Para incrementar o nivel de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, nos períodos de realización das mesmas, a dirección do centro está a dar publicidade ás mesmas a través das pantallas do centro e estanse a remitir comunicacións individuais ao alumnado instando a súa participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están contidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas recolle a súa tramitación a través do Valedor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (o tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos), e a través do Decanato da Facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a incidencias e reclamacións asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revísanse periodicamente nas reunións das devanditas Comisións para facer un seguimento da súa consecución.

A dirección do Centro e o Responsable de Calidade do Centro trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación, que se encarga da súa análise e de propoñer, no seu caso, plans e accións de mellora.

En todos os órganos do SGIC están representados os grupos de interese internos (PDI, PAS e estudantes), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora.

2.3 Actuacións máis relevantes

Finalización e presentación dos informes de inserción laboral do GCPA e do MMCCP

Entre os meses de setembro e novembro de 2016 rematáronse as tarefas de análise dos resultados das enquisas de inserción laboral realizadas no curso 2015-16 ao alumnado egresado do GCPA e do MMCCP entre 2011 e 2014, elaborados polo Prof. Celestino García Arias e a alumna do MMCCP, Paula Rivas Mosquera (bolseira da asistencia na realización de accións de calidade), respectivamente.

A presentación dos informes fíxose nunha sesión pública o día 14 de febreiro de 2017 coa intervención da decana, o coordinador do título, o presidente da conferencia española de decanos/as de facultades de ciencias políticas e socioloxía e representantes do Colexio Nacional de Licenciados / Graduados e Doutores en Ciencias Políticas e Socioloxía.

Elaboración dun estudo sobre o alumnado de novo ingreso do GCPA

Baixo a supervisión do coordinador do título, Prof. Celestino García Arias, deseñouse e adminístrouse unha enquisa interna destinada ao novo alumnado do GCPA. A enquisa adminístrouse o primeiro día de curso (5 de setembro de 2016), antes de iniciar o acto de benvida ao Centro e antes de comezar as clases, polo que a experiencia e información dos que podían dispor os participantes se limitaba ós que posuían antes do ingreso na Facultade.

A enquisa foi cumprimentada por 113 alumnos, supoñendo esta mostra o 84,32% do alumnado de novo ingreso. Na páxina 11 desta memoria se resumen algúns resultados do informe elaborado posteriormente.

Incorporación dun bolseiro de colaboración en accións de calidade

Mediante resolución reitoral de 22/09/16, o alumno de postgrao Bran Barral Buceta foi nomeado bolseiro de colaboración en accións de calidade no marco do programa de bolsas de colaboración da Área de Calidade da USC 2016. Entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de marzo de 2017 desenvolveu as seguintes actividades:

- Administración de enquisa ao alumnado de nova incorporación ao GCPA.
- Análise estatística dos resultados da enquisa ao alumnado de nova incorporación ao GCPA e redacción do informe resultante.
- Proposta de redeseño da enquisa ao alumnado de nova incorporación.
- Apoio na análise de indicadores de calidade do Centro.
- Apoio aos procesos internos de xestión de calidade.

Incremento das accións de adaptación ao Centro de alumnado entrante de mobilidade

En resposta aos baixos resultados obtidos nos índices de satisfacción do alumnado participante en programas de mobilidade respecto da adaptación ao noso Centro, puxéronse en marcha novas iniciativas de inserción mediante actos de benvida e a organización de actividades de extensión cultural e integración desenvolvidas ao longo do curso e promovidas por unha alumna voluntaria (Sheila Rial Mata) dende o 8/11/17.



Acto de benvida a alumnos e alumnas de intercambio



Visita de alumnos e alumnas de intercambio ao Parlamento de Galicia

Oferta de cursos complementarios preparatorios para a defensa do TFG

Coa finalidade de contribuír a incrementar a taxa de éxito na materia “Traballo de Fin de Grao”, entre xaneiro e abril de 2017, ofertáronse entre o alumnado matriculado de materias de cuarto curso do GCPA, cursos complementarios -de balde- destinados a fortalecer as capacidades de elaboración e defensa de traballos de investigación no marco dun ciclo denominado Claves da Elaboración e Presentación do Traballo de Fin de Grao (TFG) no

Ámbito da Ciencia Política e da Administración:

- *Fundamentos do Deseño do TFG*, a cargo do Prof. Celestino García Arias.
- *Manexo de fontes de información*, impartido por Anxo Doval Rey (Biblioteca Concepción Arenal).
- *20 Consellos Prácticos para a Defensa do TFG e Como Facer Presentacións Eficaces e Evitar a Morte por Power Point*, a cargo de Mario López Guerrero (Licenciado en Ciencia Política e da Administración e consultor).

Planificación da implementación da modificación parcial do Plan de estudos do GCPA

Dende xaneiro de 2016 comezouse a traballar no deseño da aplicación da modificación do plan de estudos do GCPA (autorizada pola ACSUG o 24/03/17; BOE nº 42 de 16/02/18). Durante a elaboración dos horarios do curso 2017-18 (xaneiro de 2017) tomouse a decisión de concentrar a docencia das tres novas materias obrigatorias de cuarto curso (Temas Actuais de Ciencia Política; Temas Actuais de Xestión Pública; Introducción á Práctica Profesional) durante o período setembro-novembro de xeito o alumnado matriculado puidera compatibilizar o seguimento destas materias coa realización das prácticas externas no mesmo cuadrimestre. Así mesmo, deseñouse un programa de cursos de formación complementaria ao programa de prácticas externas, como parte da avaliación desa materia, segundo recolle a memoria de modificación do plan.

Finalmente, durante os meses de maio e xuño de 2017 elaborouse unha guía de preguntas frecuentes sobre os cambios introducidos no plan de estudos e se realizaron xuntanzas informativas.

Redeseño do sistema de asignación de titores de TFG no GCPA

En resposta ás suxestións feitas na última renovación da acreditación do GCPA, relativas a simplificar a asignación de titores/as para os TFG, perante a convocatoria 2017-18, redeseñouse ese proceso. A asignación faise nunha xuntanza pública na que os matriculados/as no TFG, chamados por orde de nota, solicitan titor/a entre os dispoñibles, segundo a información fornecida polas distintas áreas.

Programación da adquisición de equipamentos e de actividades culturais

Coa finalidade de planificar axeitadamente o gasto do curso seguinte, o 20 de xullo de 2017 se solicitou ao PDI e PAS e aos representantes do alumnado unha proposta de adquisición de equipamento ou reparación de instalacións cuxo suministro ou mantemento fora competencia da facultade. Por outra, coa finalidade de programar actividades complementarias á docencia así como culturais, invitouse a todo o PDI, PAS e representantes de alumnos a suxerir invitados/as a impartir conferencias ou seminarios. As comisións delegadas da Xunta con competencias en equipamentos e programación cultural

fixeron posteriormente unha selección de accións prioritarias.

2.4 Indicadores do SGIC

Presentamos unha descrición dos resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC relativos ao curso académico 2016-2017. Estes indicadores foron facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

Grao en Ciencia Política e da Administración

Perfil de ingreso/egreso

- Mantense, en 125, o número de prazas ofertadas (indicador IN01-PC-05).
- O número de novos matriculados (126) reflicte a capacidade sostida da titulación de captación de novos estudantes. Os 126 estudantes de primeira matrícula en primeiro curso representan una taxa de ocupación dun 100.08%.
- A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10-PC-05) mantense en marxes similares aos acadados en cursos anteriores.
- A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02-PC-05) consolídase neste curso, chegando aos 502 estudantes.
- 490 dos 502 estudantes matriculados (97.61%) proceden de Galicia.
- Os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) mostran, como en cursos anteriores, valores baixos. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08-PC-05) é a segunda máis baixa da serie de seis cursos, limitándose a un 0,8%.
- Incrementábase, ata os 7,32 puntos, a nota media de acceso por preinscripción (indicador IN06-PC-05).
- A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a 6 (IN07-PC-05) alcanza o valor máis alto da serie de seis cursos, cun 88,8%.
- Os profesores estiman que o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (INF 14), dándolle unha puntuación de 3,16, o segundo valor máis alto dos últimos cinco cursos.
- A enquisa sobre elección de carreira e expectativas dos estudantes de novo ingreso (curso 2016-17), realizada no centro o primeiro día de curso, achega os seguintes resultados máis salientables:
 - Os principais motivos para estudar unha carreira son principalmente a adquisición de coñecementos e o interese por acadar unha mellor posición no mercado laboral e, en

menor medida, a vocación ou a meta persoal de realizar unha carreira e a atracción pola vida e o ambiente universitarios. Só un 28,32% indica interese polos coñecementos/materias da carreira.

- A metade do alumnado de novo ingreso non elixiu o GCPA como primeira opción. Para ese alumnado, eran os graos en Dereito, Xornalismo e Comunicación Audiovisual as principais preferencias. Algúns dos alumnos/as que non elixiron o GCPA como primeira opción, manifestan que desexar cambiar, cando teñan a posibilidade, á súa carreira favorita ou facela cando rematen a actual, percibindo o grao en Ciencias Políticas e da Administración como una “ponte” ou un “tránsito”.
- O novo alumnado matriculouse no GCPA principalmente polo interese que lle suscita o campo da política, porque lle atraen as saídas laborais que se lle supoñen á carreira ou porque supuxo unha opción por descarte.
- Os medios de comunicación con contidos sobre política que máis recoñecen son esencialmente televisivos. En menor medida, compre subliñar o recoñecemento de medios on line, de carácter independente e desvinculados dos tradicionais xornais.
- Os principais coñecementos que o novo alumnado espera adquirir durante a carreira son os sociopolíticos (62,83% dos enquisados). Tras estes son tamén agardados coñecementos sobre Administración Pública e a formación no debate e na exposición oral.
- Os enquisados esperan que a titulación lles forme para traballar na Administración Pública e asumir cargos de carácter político. Neses ámbitos tamén esperan traballar ao remate da carreira.
- Predomina a concepción do politólogo como analista ou persoa experta na situación política e nos actores políticos. Tamén a visión do mesmo como un divulgador - investigador, docente con proxección pública-
- Unha porcentaxe do 38,05% dos enquisados manifesta non saber claramente que é un politólogo/a.

Rendemento do título

- A media de alumnos por grupo de teoría (61,25) (IN31-PS-01) mostra o valor máis baixo dos últimos seis cursos, pero segue máis elevada que a media da USC (59,93).
- A media de alumnos por grupo de docencia interactiva (34,72) (IN32-PS-01) mantense moi superior á media da USC (22,62).
- A participación de estudantes en programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17-PC-08), 3,59%, segue a ser baixa.
- O primeiro curso mostra os resultados máis baixos da carreira, circunstancia á que se engade a da porcentaxe máis elevada de non presentados. O alumnado progresa entre segundo e terceiro cara a notas máis elevadas, alcanzando as valoracións máis altas en terceiro.

- Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores, non se tivo que reducir o número de prazas ofertadas, que se mantén en 125 (indicador IN01-PC-05).
- A matrícula de novo ingreso por preinscripción amosa unha relativa volatilidade que permite matizar a afirmación dunha aparente tendencia decrecente nunha serie temporal corta (só seis cursos consecutivos).
- A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02-PC-05) consolídase neste curso.
- Aínda que non sexan completamente satisfactorios, os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) non amosan tendencias de severo empeoramento, dado que se repiten curso a curso valores baixos.

Indicadores de satisfacción

- Os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13) son positivos: todos os ítems roldan ou superan os 3,5 puntos e catro superan o 4.
- Os resultados de resposta á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14) son aceptables: o PDI valora con máis de 3 puntos todos os ítems. Máis dun 60% do PDI enquisado manifesta estar interesado/a en recibir formación de apoio sobre novas tecnoloxías aplicadas á docencia e un 56% en recibir formación didáctica e pedagóxica xeral.
- As valoracións son inferiores na enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22). Só respecto a un ítem (os horarios da titulación) se supera a puntuación de 3. A valoración máis negativa, moi por debaixo de media da USC, é a relativa ao calendario de probas de avaliación, cun 1,67.
- Nas enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), só un ítem (coordinación das materias do plan) recibe unha puntuación inferior a 3.
- No que atinxe á satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (INF 06), os resultados son aceptables e oscilan entre o 3,15 (duración axeitada das prácticas) e o 4,23 (atención recibida por parte do titor externo). A satisfacción xeral (3,77) mantense nun nivel semellante á manifestada no curso anterior.
- A satisfacción dos titores externos de prácticas (INF 07) é elevada. Non obstante, os resultados suxiren que o axuste entre as competencias e habilidades dos graduados e as necesidades das empresas e organizacións de acollida é inferior ao desexable.
- A satisfacción dos estudantes entrantes (INF 05), aínda que é inferior á da media da USC, é alentadora: existe unha elevada porcentaxe de estudantes que recomendaría a experiencia (85,7%); o grao de satisfacción xeral có programa de mobilidade (4,43) é lixeiramente máis alto entre os estudantes entrantes no centro que entre os entrantes na USC en xeral.

- A baixa puntuación alcanzada (2,65) nas enquisas de satisfacción dos egresados/as coa información recibida (IN23-PC-12) obriga a reforzar os mecanismos informativos e as actividades que lles vinculen ao Centro.
- As puntuacións das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) son relativamente baixas respecto á información e orientación recibida na titulación (2,33), á información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe (2,89) e á información pública dispoñible sobre a titulación (2,22). Por parte do profesorado, a información pública dispoñible sobre a titulación considérase aceptable (3,22), aínda que por debaixo da media da USC.
- Malia os esforzos de difusión, séguense considerando insuficientes as taxas de resposta ás diferentes enquisas.

Resultados

- A taxa de rendemento (IN34-S01-PM-01), 68,31%, é inferior á media da USC (78,31%), aínda que se mantén respecto dos dous anos anteriores.
- A taxa de éxito (IN35-S01-PM-01), 84,78%, alcanza o terceiro valor máis alto na serie temporal dos seis últimos cursos. Non obstante, aumenta lixeiramente respecto do valor medio do indicador para a USC (87,35%).
- A taxa de avaliación (IN36-S01-PM-01) é do 80,57%, valor similar aos dos dous cursos anteriores, máis por debaixo da media da USC (89,66%).
- A media da taxa de éxito por curso (INF 17) é a seguinte: primeiro, 79,6%; segundo, 79,6%; terceiro, 94,2%; cuarto, 95,6%. O terceiro e o cuarto cursos mostran resultados similares aos do curso anterior. En cambio, detéctanse cambios de dirección oposta en primeiro en segundo curso. No primeiro curso, a taxa aumenta en 10,8 puntos porcentuais, mentres en segundo se reduce en 2,7 puntos porcentuais.
- A media da taxa de rendemento das materias do plan de estudo por curso (INF 18) é a seguinte: primeiro, 63,7%; segundo, 68,6%; terceiro, 82,9%; cuarto, 74,5%. Salvo no primeiro curso, detéctanse lixeiros descensoes respecto dos valores da taxa no curso anterior.
- A media da taxa de avaliación das materias do plan de estudo por curso (INF 19) é a seguinte: primeiro, 79,8%; segundo, 85,7%; terceiro, 87,9%; cuarto, 77%. Salvo no primeiro curso, detéctanse lixeiros descensoes respecto dos valores da taxa no curso anterior.
- A taxa de graduación (IN37-S01-PM-01), 43,55%, mostra unha notable redución respecto do curso anterior.
- A duración media dos estudos (IN38-S01-PM-01), 4,85 anos, aumenta respecto dos cursos dos que se dispón de datos, aínda que é inferior á media da USC (4,97 anos).
- A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores (IN40-S01-PM-01) é do 23,33%, un dato que parece

consolidar a tendencia á baixa iniciada no curso anterior respecto do valor máis alto da serie temporal dos seis últimos cursos (30.65%), no ano académico 2014-2015, aínda que o resultado segue a ser moi superior á media da USC (14,48%).

- A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN41-S01-PM-01), 36,29%, continúa a tendencia ascendente dos cursos anteriores (29,33%; 31%; 32,79%) e sitúase por riba da media da USC (22,56%).
- A taxa de éxito dos egresados (IN50-S01-PM-01), 92.32%, redúcese en algo menos dun punto porcentual respecto ao do curso pasado.

Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política

Perfil de ingreso/egreso

- Mantense a alta demanda (72,5%) de prazas ofertadas (80) nos dous centros nos que se imparte o Máster. Cabe precisar que aínda que a demanda diminúe no 2016, só o fai na sede do IUIOG.
- Mantense o elevado número de prazas adxudicadas a alumnos españois que proceden de fóra de Galicia: (24,14%).
- Mantense a porcentaxe de prazas adxudicadas a alumnado estranxeiro (24,14%).
- A nota de acceso sitúase en 7,18; o 90,63% dos alumnos mostra unha nota media superior a 6.
- O 65,52% do alumnado matriculado obtivo o seu título noutras universidades. Mantense a porcentaxe alta de alumnos admitidos que proveñen de titulacións preferentes.
- O perfil do alumnado entrante mostra as seguintes porcentaxes (segundo título de licenciado/a ou graduado/a, de maíos a menor porcentaxe): Xornalismo / Ciencias da Información, 34,78%; Ciencia Política e da Administración, 32,60%; Comunicación Audiovisual, 10,94%; Publicidade e Relacións Públicas, 6,52%; Dereito, 6,52%; Económicas, 2,17%; a restante porcentaxe provén doutras titulacións (Administración e Dirección de Empresas, Dirección e Xestión Pública). Compre salientar a elevada porcentaxe de alumnos procedentes de titulacións de acceso non preferente, o que debe ser tido en conta para a análise do perfil de ingreso e a posible evolución e adaptación da titulación á demanda real.

Rendemento do título

- A composición multidisciplinar do persoal docente, tanto na USC como no IUIOG, facilita a adquisición por parte do alumnado non só das competencias contidas na Memoria do título, senón tamén das sete competencias xenéricas que establece para o nivel 3 – Máster, o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.

- Atendendo ás cualificacións obtidas polos alumnos nas distintas materias que ofrecen as dúas sedes, en liñas xerais, pódese falar de excelentes resultados na adquisición de coñecementos actualizados sobre a Comunicación Estratéxica Integral, o Marketing Político e a Consultoría Política, así como a adquisición de coñecementos sobre as diferenzas e similitudes dos diferentes campos do marketing, da consultoría e da comunicación.
- Na sede da USC, a distribución das cualificacións foi a seguinte: matrículas de honra, 2,81%; sobresaínte, 44,38%; notable, 43,82%; aprobado, 4,49% e non presentado, 4,49%. Respecto do TFM, a porcentaxe de matrícula de honra foi de 2,63%; sobresaínte, 21,05%; notable, 26,32%; aprobado, 18,42% e non presentado, 21,05%.
- Na sede da UIIOG, a distribución das cualificacións foi a seguinte: matrículas de honra, 1,47%; sobresaínte, 17,16%; notable, 61,27%; aprobado, 20,1%. Respecto do TFM, a porcentaxe de matrícula de honra foi de 5%; sobresaínte, 20%; notable, 35%; aprobado, 20% e non presentado, 20%.

Indicadores de satisfacción

- A media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida sitúase en 3,94 puntos, sendo o valor máis elevado da serie (5 cursos). Os aspectos que acadan unha maior valoración media son: a valoración media que conceden no curso 2016/2017 a: a proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación (4,67, fronte ao 2,77 de media da USC), os horarios da titulación (4,67, fronte ao 3,08 de media da USC), a dispoñibilidade de fondos bibliográficos (4,33, fronte ao 3,69 de media da USC), as competencias adquiridas (4 fronte ao 3,23 de media da USC) e a información pública dispoñible sobre a titulación (4 fronte ao 3,16 de media da USC).
- Non obstante, os resultados deben ser tomados con cautela debido á baixa taxa de resposta da enquisa (33,33%) e a falta de control da mostra.
- O nivel medio de satisfacción expresado polo profesorado do título respecto da docencia impartida sitúase en 4,04 puntos sobre 5.
- No relativo ás prácticas externas na sede da USC, as entidades amosan unha satisfacción media de 4,25 puntos sobre 5, que na seda da UIIOG foi de 4,43.
- O nivel medio de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas na USC foi de 4,26 puntos sobre 5.
- A satisfacción media dos egresados respecto da formación teórica foi de 3,50, superior á media global da USC (3,35).
- Os niveles de satisfacción media dos titores externos cos programas de prácticas externas sitúanse en 3,71 puntos.
- A satisfacción media dos alumnos/as coas prácticas aumentou ata situarse en 4,20 puntos, o que supera a media da USC (4,04). É preciso tomar estes datos con cautela, debida á baixa taxa de resposta das enquisas, un 19,23% no último curso.

- Satisfacción do PDI coas actividades formativas: 4,35.
- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,04.
- Satisfacción do PAS coas actividades desenvoltas: 3,65.
- Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas: 3,71.

Resultados

- A taxa de rendemento mantense no seu conxunto por enriba do 87%, concretamente dun 90,86%, superior á media da USC (90,03%).
- A taxa de éxito, do 100% para o pasado curso amosa, en relación aos valores de anos anteriores, as altas porcentaxes alcanzadas en canto á superación das materias ás que os alumnos se presentan; de novo por riba do valor medio da USC (99,29%).
- A taxa de avaliación, que mide a relación entre os créditos presentados e os créditos matriculados, foi do 90,86%.
- A taxa de graduación foi de 88,33%, superior á media da USC (83,45%).
- A pesar do peso que poida ter o aprazamento na presentación e defensa do TFM dos alumnos/as do Máster, nos indicadores globais de resultados, a duración media dos estudos é de 1,24 (1,43 media da USC), para un título de 60 créditos e unha duración dun ano.
- Dado o elevado número de matriculados do título, a taxa de abandono amosa uns valores razoables para os dous últimos cursos: 9,62% y 8,33% respectivamente. Sinalar a redución paulatina da mesma dende o curso 2013-2014 (primeiro da serie para o que se teñen datos).

Táboas Resumo de Resultados

Nota: No caso de datos sen actualizar, indícase, entre paréntese, o último ano do que se dispón de resultados. No que atinxe á fila "Variación", os símbolos indican se o novo resultado é mellor (frecha verde) ou peor (frecha vermella) que o do curso precedente.

Indicadores do Centro

INDICADOR	IN16C-PC-08	IN14C-PC-05	IN49C-PS-01	IXA-C04	IN30C-PS-01	IN01C-PC-05	IN02C-PC-05
DEFINICIÓN	Satisfacción dos entrantes cos programas de mobilidade	Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	Porcentaxe de actas fóra de prazo	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	Prazas ofertadas	Matriculación
RESULTADO	4,43/5	0,83	3,65/5	1,73%	13,02 (2015)	205	560
VARIACIÓN	↑	↓	↓	↑	↑	=	↓

INDICADOR	IN03C-PC-05	IN04C-PC-05	IN06C-PC-05	IN07C-PC-05	IN08C-PC-05	IN09C-PC-05	IN10C-PC-05
DEFINICIÓN	Matriculación de acceso	Matriculación de novo ingreso por preinscrición	Nota media de acceso por preinscrición	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas
RESULTADO	174	172	7,29	89,17	3,21%	4,29%	65,6
VARIACIÓN	↓	↓	↑	↑	↑	↓	↓

INDICADOR	IN12C-PC-05	IN17C-PC-05	IN18C-PC-05	IN22C-PC-05	IN24C-PC-05	IN25C-PC-05	IN26C-PC-05
DEFINICIÓN	Taxa de ocupación	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
RESULTADO	83,9	3,21	9,11	97,25	75	91,3%	67,39
VARIACIÓN	↓	↓	↑	↑	↑	↓	↓

INDICADOR	IN31C-PC-05	IN32C-PC-05
DEFINICIÓN	Media de alumnos por grupo de teoría	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva
RESULTADO	49,22	32,18
VARIACIÓN	↑	=

Indicadores do GCPA

INDICADOR	IN34CG-S01-PM-01	IN35CG-S01-PM-01	IN36CG-S01-PM-01	IN37CG-S01-PM-01	IN38CG-S01-PM-01	IN39CG-S01-PM-01	IN40CG-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de rendemento (GCPA)	Taxa de éxito (GCPA)	Taxa de avaliación (GCPA)	Taxa de graduación (GCPA)	Duración media dos estudos (GCPA)	Eficiencia dos titulados (GCPA)	Taxa de abandono durante o primeiro curso (GCPA)
RESULTADO	68,31	84,78	80,57	43,55	4,85	91,02 (2015)	23,33
TENDENCIA	↑	=	↑	↓	↓	↑	↑

INDICADOR	IN41C-PC-05	IN50CG-S01-PM-01	IN51CG-S01-PM-01	IN53CG-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de abandono RD 1393/2007 (GCPA)	Taxa de éxito dos egresados (GCPA)	Taxa de idoneidade na graduación (GCPA)	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (GCPA)
RESULTADO	36,29	68,31	34,68	84,75
DIFERENCIA	↑	↓	↓	↓

Indicadores do MMCCP

INDICADOR	IN34CM-S01-PM-01	IN35CM-S01-PM-01	IN36CM-S01-PM-01	IN37CM-S01-PM-01	IN38CM-S01-PM-01	IN39CM-S01-PM-01	IN41CM-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de rendemento (MMCCP)	Taxa de éxito (MMCCP)	Taxa de avaliación (MMCCP)	Taxa de graduación (MMCCP)	Duración media dos estudos (MMCCP)	Eficiencia dos titulados (GCPA)	Taxa de abandono RD 1393/2007 (MMCCP)
RESULTADO	90,86	100	90,86	88,33	1,24	95,23 (2015)	8,33
DIFERENCIA	↓	=	↓	↑	↓	=	↑

INDICADOR	IN50CM-S01-PM-01	IN53CM-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de éxito dos egresados (MMCCP)	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (MMCCP)
RESULTADO	99,46	95,82
DIFERENCIA	↑	↓

3. Plan de Melloras do Centro Curso 2017-18

Antes de expor o plan de melloras do centro, achégase información sobre o grao do cumprimento das accións de mellora propostas para o curso 2016-17.

CÓDIGO	DESCRICIÓN	SITUACIÓN
AMC17-01-01	Estudar as motivacións / expectativas que levan ao alumnado a matricularse no GCPA	Finalizada (convertida un proceso cíclico)
AMC17-01-02	Estudar a experiencia e rendemento do novo alumnado durante o primeiro curso do GCPA	Finalizada (convertida nun proceso cíclico)
AMC17-01-03	Corrixir erros (solapamentos, sobrecargas...) no deseño dos horarios do GCPA	En curso
AMC17-01-04	Corrixir erros (solapamentos, sobrecargas...) no deseño dos horarios do MMCCP	En curso
AMC17-01-05	Deseñar accións promocionais dos títulos ofertados que melloren o recrutamento de alumnado.	Parcialmente finalizada
AMC17-02-01	Elaborar guías do centro e os seus títulos en lingua inglesa.	Non realizada
AMC17-02-02	Preparar unha guía sobre o funcionamento do centro (órganos de goberno, coordinadores, etc.)	Non realizada
AMC17-02-03	Verificar a coherencia dos formatos e contidos das guías docentes	Non realizada
AMC17-03-01	Elaborar o regulamento de réxime interno do Centro	Non realizada
AMC17-03-02	Desenvolver procesos administrativos pendentes na xestión de calidade (procedementos, plans, xestión de queixas e suxestións; comité consultivo)	Parcialmente finalizada
AMC17-04-01	Favorecer a mobilidade, formación continua e actividades de desenvolvemento profesional do PDI e PAS e introducir un mecanismo de recollida anual de datos sobre eses aspectos.	Finalizada (convertida nun proceso cíclico)
AMC17-05-01	Consolidar a programación anual da adquisición, renovación e reparación de mobiliario que permita mellorar as instalacións e equipamento dos espazos destinados a PDI, PAS e alumnado	Finalizada (convertida nun proceso cíclico)
AMC17-05-02	Automatizar a xestión da reserva de espazos	Non realizada
AMC17-06-01	Implementar a modificación do deseño do cuarto curso	Finalizada
AMC17-06-02	Deseñar actividades formativas complementarias para TFG / TFM e prácticas externas	Finalizada
AMC17-07-01	Facer un estudo de inserción laboral do MMCCP	Non realizada

LISTAXE DE ACCIÓNS 2017-18

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AMC18-01-01	Detección de anomalías na implementación dos títulos	Redeseñar os horarios do GCPA	Finalizado	Celestino García Arias	Febreiro 2018	Si
AMC18-01-02		Redeseñar os horarios do MMCCP	Finalizado	Xosé Luis Barreiro Rivas	Febreiro 2018	Si
AMC18-01-03		Estudar causas de abandono no GCPA	En curso	Celestino García Arias	Outubro 2018	Non
AMC18-05-04		Estudar a viabilidade dunha modificación do título eliminando a obrigatoriedade das prácticas externas no GCPA	En curso	Miguel Caínzos López	Xullo 2018	Non
AMC18-02-01	Detectadas insuficiencias nas accións promocionais	Mellorar a promoción do Centro (audiovisual; guías)	En curso	Ramón Bouzas Lorenzo	Xullo 2018	Non
AMC18-03-01	Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro	Elaborar un regulamento de réxime interno	Pendente	Miguel Caínzos López	Xullo 2018	Non
AMC18-05-01	Detección de diversos problemas na xestión de infraestruturas	Informatizar a reserva de espazos	En curso	Denís Fernández Méndez	Xullo 2018	Non
AMC18-05-02		Remodelación do salón de actos	En curso	Ramón Bouzas Lorenzo	Agosto 2018	Non
AMC18-05-03		Analizar novas necesidades de uso de espazos	En curso	Miguel Caínzos López	Xullo 2018	Non
AMC18-06-01	Falta de seguimento da actividade cultural	Mellorar a planificación da actividade cultural e elaborar unha memoria cultural do Centro	En curso	Irene Rodríguez Manzano	Xullo 2018	Non

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
FORMATO		Página 21 de 27

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMC18-01	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento	
		Definición	Análise causa	Detección de anomalías na implementación dos títulos (solapamento horarios; abandono; sobrecarga de prácticas externas)
	Definición/descripción proposta		Analizar o deseño dos horarios do GCPA e do MMCCP e, se procede, redeseñalos. Estudo causas de abandono do alumnado do primeiro curso do GCPA; redimensionar o programa de prácticas externas e explorar a reforma do título	
	Data prevista de finalización		Outubro 2018	
	Data inicio		Xaneiro 2018	
Responsables		Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo	
Tarefa 1	Código	AMC18-01-1		
	Descrición tarefa	Redeseñar os horarios do GCPA		
	Data prevista de finalización	Febreiro 2018		
	Persoa responsable	Celestino García Arias (Coordinador do GCPA)		
Tarefa 2	Código	AMC18-01-2		
	Descrición tarefa	Redeseñar os horarios do MMCCP		
	Data prevista de finalización	Febreiro 2018		
	Persoa responsable	Xosé Luis Barreiro Rivas (Coordinador do Título)		
Tarefa 3	Código	AMC18-01-3		
	Descrición tarefa	Estudar causas de abandono no GCPA		
	Data prevista de finalización	Maio 2017		
	Persoa responsable	Celestino García Arias (Coordinador do GCPA)		

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
	FORMATO	Páxina 22 de 27

<i>Tarefa 4</i>	Código	AMC18-01-4
	Descrición tarefa	Estudar a viabilidade dunha modificación do título eliminando a obrigatoriedade das prácticas externas no GCPA
	Data prevista de finalización	Xullo 2018
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
FORMATO		Páxina 23 de 27

ACCÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMC18-02	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e Transparencia	
		Definición	Análise causa	Deficiencias na información fornecida polo centro sobre os títulos ofertados e instalacións e servizos do centro
	Definición/descripción proposta		Perfeccionar a información e comunicación institucional do centro	
	Data prevista de finalización		Xullo 2018	
	Data inicio		Marzo 2018	
Responsables		Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo	
Tarefa 1	Código	AMC18-02-2		
	Descrición tarefa	Mellorar a promoción do Centro (audiovisual; guías)		
	Data prevista de finalización	Xullo 2018		
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo		

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
FORMATO		Páxina 24 de 27

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMC18-03	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía Interna	
		Definición	Análise causa	Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro
	Definición/descrición proposta		Mellorar a xestión do sistema de calidade do Centro	
	Data prevista de finalización		Xullo 2018	
	Data inicio		Maio 2018	
Responsables	Responsable da implantación	Miguel Caínzos López		
Tarefa 1	Código	AMC18-03-1		
	Descrición tarefa	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro		
	Data prevista de finalización	Xullo 2018		
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López		

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
	FORMATO	Páxina 25 de 27

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMC18-05	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais	
		Definición	Análise causa	Detección de diversos problemas na xestión de infraestruturas (Deficiencias na xestión de equipamentos; infrutilización do salón de actos por falta de adaptación ao desenvolvemento de actividades docentes; ineficacia do sistema de reserva de espazos; falta de seguimento dos usos culturais extraacadémicos)
	Definición/descrición proposta		Renovar equipamentos; automatizar a reserva de espazos e prever novos usos de espazos	
	Data prevista de finalización		Agosto 2018	
	Data inicio		Outubro 2017	
Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo		
Tarefa 1	Código	AMC18-05-1		
	Descrición tarefa	Informatizar a reserva de espazos		
	Data prevista de finalización	Xullo 2018		
	Persoa responsable	Denís Fernández Méndez		
Tarefa 2	Código	AMC18-05-2		
	Descrición tarefa	Remodelación do salón de actos		
	Data prevista de finalización	Agosto 2018		
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo		
Tarefa 3	Código	AMC18-05-3		
	Descrición tarefa	Analizar novas necesidades de uso de espazos		
	Data prevista de finalización	Xullo 2018		
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López		

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
	FORMATO	Páxina 26 de 27

Tarefa 4	Código	AMC18-05-4
	Descrición tarefa	Mellorar a planificación da actividade cultural e elaborar unha memoria cultural do Centro
	Data prevista de finalización	Xullo 2018
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano

	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F04-PM-01 Versión: 01 Data: 21/05/2018
	FORMATO	Páxina 27 de 27

4. Anexo: Informes de seguimento

Informe de seguimento do GCPA

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/sgicinformes.html>

Informe de seguimento do MMCCP

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/sgicinformes.html>